

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Bases dos concursos gastronómicos e de disfraces (Entroido 2018)

ANUNCIO

Bases reguladoras dos concursos gastronómicos e de disfraces (Entroido 2018)

Por resolución de alcaldía núm.86/2018, do 19 de xaneiro, aprobáronse as bases reguladoras dos concursos gastronómicos e de disfraces (Entroido 2018) e que a continuación se transcriben literalmente:

“BASES DOS CONCURSOS GASTRONÓMICOS E DE DISFRACES (ENTROIDO 2018)

O día 17 de febreiro de 2018 terá lugar a XXVII Festa de Entroido e a XXIII Festa da Orella e nelas organízanse uns concursos gastronómicos e de disfraces coa finalidade de estimular e fomentar a participación veciñal. Tendo en conta todo isto, e en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

Primeiro.–Aprobar as bases dos concursos tal e como a continuación se detallan:

Concursos gastronómicos

- Outorgaranse premios polas seguintes categorías, que estarán suxeitos á normativa do I.R.PF:
 - * Orella:
 - Premio á orella de ouro: 50 €
 - Premio á orella de prata: 25 €
 - * Filloa:
 - Premio á mellor filloa: 30 €
- As orellas e filloas recolleranse o mesmo día do concurso, durante a tarde, ata as 21.30 horas na carpa do concello, confeccionándose un rexistro co nome, apelidos, idade e teléfono do/a participante.
- Os/as participantes deben ter máis de 16 anos.
- Unha mesma persoa pódese presentar a máis dun concurso.
- As orellas e filloas presentadas estarán expostas na carpa do concello ata a degustación por parte do xurado. Despois da decisión do xurado, poderán ser degustadas polo público.

Concurso de disfraces

- Outorgaranse premios polas seguintes categorías, que estarán suxeitos á normativa do IRPF:
 - * Disfrace colectivo
 - 3.º premio: 50 €
 - 2.º premio: 100 €
 - 1.º premio: 200 €
 - * Disfrace individual/ en parella
 - 2.º premio: 50 €
 - 1.º premio: 100 €

- Para participar é obrigatorio inscribirse previamente podendo facelo:
 - * Na carpa do Concello o mesmo día do concurso ao longo da tarde ata ás 21.30 horas, confeccionándose un rexistro co nome, lugar de desfile e teléfono dos/as participantes.
 - * Por enderezo electrónico a cultura.deportes@bergondo.gal ata as 14.00 horas do día 16 de febreiro. Haberá que indicar o nome do disfraz, o número de compoñentes, o lugar dende o que realizarán o desfile (encima ou diante do palco da orquestra).
- Os que queiran desfilar con música deberán obrigatoriamente anotarse por este medio.
- O concurso terá lugar sobre as 22.30 horas.
- O propio día do concurso os/as participantes terán que recoller na carpa do concello un dorsal co seu número, que deberán amosar durante o concurso.
- A orde de saída no desfile coincidirá co número dos dorsais.
- O xurado valorará os disfraces no momento do desfile. Neste sentido, os participantes deberán amosar os seus disfraces ao público e ao xurado, ben subindo ao escenario ou desfilando por diante do mesmo. O xurado tamén poderá aproveitar os instantes previos ao desfile para facerse idea dos detalles e a elaboración dos posibles candidatos/as.
- Durante o desenvolvemento do desfile, o xurado valorará:
 - * Vestiario, maquillaxe e estética.
 - * A orixinalidade, creatividade e traballo na elaboración dos disfraces.
 - * Participación co público, simpatía, animación.
 - * Organización e posta en escena.
- O xurado poderá descartar do concurso aqueles participantes que se comporten indecorosamente ou exhiban comportamentos que poidan considerarse ofensivos, vexatorios ou de mal gusto, tanto cara o público como cara a organización.

Bases comúns dos concursos:

- Os/as participantes que resulten gañadores recollerán o día da festa un vale do premio e deberán presentalo na Casa da Cultura, nun prazo máximo de 10 días hábiles, acompañado da alta de terceiros, xunto coa documentación correspondente (documento acreditativo da identidade do terceiro, fotocopia do NIF do representante legal do terceiro, acreditación da representación legal do terceiro, acreditación da titularidade da conta bancaria).
- A entrega de premios terá lugar o mesmo día da celebración dos concursos, unha vez feita a avaliación polo xurado (a partires das 23.30 horas)
- A participación implica a aceptación das bases.
- A organización resérvase o dereito a modificar as presentes bases por imprevistos que puideran xurdir.
- O xurado:
 - * Será o encargado de resolver o concurso, tendo liberdade absoluta para xulgar aos participantes.
 - * A súa decisión será inapelable, podendo quedar deserto algún premio.
 - * Estará formado por tres membros e asistido por un/ha traballador/a municipal que actuará como secretario/a, con voz e sen voto que comprobará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.
 - * O xurado empregará un baremo de puntuación de 1 a 10 puntos en cada concurso, o/a gañador/a será o que máis puntuación reciba logo da sumatoria das táboas de valoración dos compoñentes do xurado. No caso de empate terá que deliberar.”

Bergondo, 19 de xaneiro de 2018.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez